



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

SERVICIO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Número 24 /2018

**CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE TORDOIA PARA A ATENCIÓN DE VISITANTES DO DOLMEN DE CABALEIROS**

Na Coruña o 2 de maio de 2018

**REUNIDOS**

D. Xesús Soto Vivero, Deputado de Contratación, Patrimonio e Equipamento, en virtude da Resolución da Presidencia número 15671 de 27 de xullo de 2015 modificada pola número 16642 de 30 de xullo de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área e

Doutro Dona Inés Santos Pereiro, primeira tenente de alcalde do Concello de Tordoia, en virtude de Resolución de Alcaldía, de data 30 de abril do 2.018, pola que se lle delega a sinatura do presente convenio

**EXPOÑEN**

1.- A Deputación provincial da Coruña realizou numerosas actuacións encamiñadas á protección, conservación, rehabilitación e posta en valor do Dolmen de cabaleiros

2.-Que, coa finalidade de establecer as condicións de cooperación necesarias, para a posta en valor deste conxunto arquitectónico a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Tordoia acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes

**CLÁUSULAS**

**PRIMEIRA: OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as relacións de cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Tordoia, CIF: P-1508500D por medio do cal a Deputación provincial da Coruña encomenda ao Concello de Tordoia, o servizo de atención de visitantes ao Dolmen de Cabaleiros:

- Dar uso turístico ao Dolmen de Cabaleiros dentro dunha estratexia municipal e provincial.
- Impulsar o uso educativo e didáctico do Dolmen.
- Implicar á poboación local na posta en valor dos edificio e conectalo coa realidade da contorna

<b>NOME</b>	<b>SERVIZO DE ATENCIÓN A VISITANTES NO DOLMEN DE CABALEIROS</b>
<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	De 01 de xullo a 30 de setembro de 2018
<b>ACTIVIDADES</b>	
<b>Atención ao visitante</b>	Consiste en atender ao visitante durante a súa visita, e dar servizos anteriores e posteriores, se demandaran.
<b>Comunicación e promoción</b>	Accións de divulgación, comunicación e promoción destinadas a diferentes públicos e empregando diversidade de ferramentas.

**SEGUNDA: OBRIGAS DO CONCELLO DE TORDOIA.**

**ACTIVIDADE DE ATENCIÓN AO VISITANTE:**

**Obxectivos:**

- Facilita-la visita do recinto colaborando en todo o que sexa posible para que poidan realiza-la nas mellores condicións, prestando os servizos de guía, monitorado ou similares.
- Facilitar ós visitantes folletos e información turística e cultural sobre o Dolmen de Cabaleiros e o seu entorno (Comarca de Ordes)

- Prestar servizos a grupos de visitantes.
- Controla-lo adecuado tránsito polo inmoible e establecer circuitos.

#### ACTIVIDADES DE COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN:

##### Obxectivos:

- Dar a coñecer o Dolmen de Cabaleiros como recurso turístico de Tordoia e de toda a Comarca de Ordes
- Levar a cabo unha labor didáctica sobre escolares, para que poidan visitar o Dolmen e con a poboación local e os visitantes, e fagan unha labor de divulgación deste recurso.
- Trátase de divulgar este recurso e os seus contidos con diferentes ferramentas:
  - o Web do Concello de Tordoia, e redes sociais
  - o Prensa e medios de comunicación
  - o Material impreso
  - o Mailings
- Accións de divulgación e comunicación teñen os seguintes públicos obxectivos:
  - o Profesionais de hostelería de Tordoia
  - o Poboación de Tordoia
  - o Profesionais de hostelería de Tordoia e comarca, e limítrofes.
  - o Puntos de información turística e museos
  - o Centros educativos da provincia e asociacións
  - o Axencias de viaxes

Para cada un deles é necesario deseñar unha estratexia de comunicación diferente.

##### Horarios e temporización:

<b>Inicio do servizo</b>	1 de xullo de 2018
<b>Entre o 1 de xullo do 2018 ata o 30 de setembro do 2018</b>	Atención dende o 1 de xullo ata o 30 de setembro do 2018 <b>Días:</b> Sábados, domingos e festivos <b>Horario:</b> De 11:00h. a 19:00 h. <b>Disponibilidade de acceso ao dolmen:</b> Todos os días <b>Entrada de visitas guiadas:</b> Gratis

##### Organización:

O responsable da organización é a Alcaldía, co apoio técnico dos departamentos de Emprego e Desenvolvemento Local e Cultura.

O Concello colaborará co persoal municipal no desenvolvemento de todas as actividades complementarias ao servizo de Atención ao visitante, mediante a organización de charlas, xornadas temáticas..... Todo isto co obxectivo de converter o Dolmen de Cabaleiros nun punto de atención e cultural de referencia.

##### TERCEIRA: DISPOSICION COMUN

O Concello de Tordoia fará constar en todos os programas, folletos e carteis, etc., o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

##### CUARTA: OBRIGACIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

A Deputación provincial da Coruña abonará ao Concello de Tordoia a cantidade de 3.815,59 euros en concepto de prestación dos servizos de atención de visitantes ao Dolmen de Cabaleiros durante o período comprendido entre o 1 de xullo do 2018 ata o 30 de setembro de 2018, con cargo á aplicación orzamentaria 0112/3362/22609.

##### QUINTA: FORMA DE PAGO

A Deputación Provincial abonará ao Concello de Tordoia a achega correspondente da seguinte maneira con arranxo á seguinte desagregación:

Efectuaranse mediante pagos mensuais por períodos vencidos, polo importe proporcional correspondente. En consecuencia non se efectuará ningún pago por anticipado. Requirirán a presentación de certificación de gastos expedida polo Sr. Secretario co Vº e pr. do Alcalde-Presidente do Concello de Tordoia.

Acompañarase ademais memoria onde se indicarán as actividades realizadas, persoal adscrito ao servizo e informe estatístico de visitantes.

Cada pago requirirá informes favorables dos Servizos de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización. Para a cobranza de cada unha das achegas provinciais, o Concello de Tordoia deberá presentar certificación de estar ao corrente das obrigacións tributarias e de seguridade social. Así mesmo deberá estar ao corrente das súas obrigacións fiscais coa Deputación provincial da Coruña, situación de que se determinará de oficio a través do Servizo Provincial de Recadación.

##### SEXTA: SUPERVISIÓN POLA DEPUTACIÓN

Sen prexuízo das facultades de vixilancia e inspección que corresponden á Presidencia da Deputación Provincial, o Servizo de Patrimonio e Contratación por si ou a través doutros Servizos Técnicos da Deputación, poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmoible e bens adscritos, e o cumprimento dos fins do presente convenio.

As actividades que desenvolva o Concello no Dolmen de Cabaleiros deberán ser compatibles coa finalidade e adecuado uso deste ben cultural, para o que se deberán adoptar todas as medidas necesarias para a súa total protección e perfecta conservación.

##### SÉTIMA: UTILIZACIÓN POLA DEPUTACIÓN

O inmoible seguirá sendo propiedade da Excma. Deputación provincial da Coruña e en consecuencia poderá realizar no mesmo as actividades que estime oportunas.

##### OITAVA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento das cláusulas do convenio.
- A aplicación dos fondos percibidos a fins distintos aos que deron lugar á súa concesión.
- A falta de xustificación das cantidades na forma establecida no convenio.

##### NOVENA: VIXENCIA


O presente convenio terá unha vixencia ata o 30 de decembro do 2018, sendo imputables os gastos devengados entre o 1 de xullo e o 30 de setembro do 2018, tendo que estar xustificadas un mes despois do remate das actividades, e en todo caso, para o suposto de que o Concello de Tordoia non poda ter xustificadas as actividades antes do 30 de outubro do 2018, deberá solicitar antes de esta data, a prórroga do prazo indicado, achegando unha solicitude motivada.


##### DÉCIMA: NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo quedando as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver os conflitos que puidesen xurdir na súa aplicación. En todo caso aplicarase de maneira supletoria a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución da presidencia nº 14435 de 25 de abril de 2018

E en proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente Convenio por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE, P.D.  
O DEPUTADO DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E EQUIPAMENTO  
  
Asdo.: XESUS SOTO VIVERO

A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE DO CONCELLO DE TORDOIA  
  
Asdo.: INES SANTOS PEREIRO

O SECRETARIO  
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA  
  
Asdo. JOSÉ LUIS ALMARAZ SUPERVÍA

